


Fina



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A resolución do 21 de febreiro do 2000 regula os requisitos de matrícula para a realización das Estancias ou Prácticas Tuteladas de Farmacia. Nela establécense, por primeira vez, dous períodos para a realización das Estancias, coa matrícula do segundo período das Estancias preténdese que os alumnos poidan facer uso das dúas convocatorias de exame a que ten dereito nas materias matriculadas en cada curso académico, de xeito que trala convocatoria dos exames de setembro reúnan os requisitos de matrícula nas Estancias.


Esta situación está producindo diversas consultas por parte dos estudantes e de distintas unidades administrativas de xestión e información polo que logo da consulta ó centro emitese a seguinte

INSTRUCCIÓN.

1. Os dous períodos de matrícula das Estancias en Farmacia (marzo e outubro) que se regulan na resolución do 21 de febreiro corresponden ó curso académico 1999/2000.
2. Só poderán formalizar matrícula no segundo período (outubro) os alumnos matriculados no curso 99/2000 que despois da convocatoria dos exames de setembro reúnan os requisitos esixidos por cada plano de estudos para a matrícula das estancias.
3. En ningún caso poderán formalizar matrícula neste período os alumnos que reúnan os requisitos por mor dunha resolución de adaptación no curso 2000/2001 xa que estes alumnos poderán realizar a estancias nos períodos correspondentes a este curso e que serán igualmente marzo e outubro.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2000

O Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións



Celso Rodríguez Fernández

Sra. Decana da Facultade de Farmacia, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do COIE, Sr. Director do SEIN